



## XVII CONCURSO DE TARXETAS DE NADAL


### BASES

1ª.- Poderán participar tódolos/as alumnos/as dos colexios e do IES de Vila de Cruces.

2ª.- O tema será unha representación do nadal.

A técnica será libre, deberán ser realizadas manualmente e non se admitirán deseños feitos por ordenador.

Tamaño: Cartulina DIN-A4 dobrada pola metade, tal como se indica:



3ª.- O **prazo** para a elaboración das tarxetas será ata o **2 de decembro de 2019**.

4ª.- Na parte de atrás das postais figurará o nome e apelidos do autor, enderezo, teléfono, curso, colexio ó que pertence e idade.

5ª.- Os premios financiaranse con cargo á partida 338.48 e consistirán en regalos e serán os seguintes:

- Premio á postal gañadora: por valor de 60 euros.
- Catro accesits por valor de 35 euros cada un: que premiarán á mellor postal de cada un dos colexios e do IES.

A tarxeta gañadora será a que envíe a Corporación Municipal para felicitar o nadal ós veciños.

6ª.- Imponse aos participantes a cesión gratuita dos dereitos de explotación nos termos previstos no artigo 48 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, reservándose o Concello de Vila de Cruces o dereito a utilizar os traballos premiados en futuras edicións ou actividades con fins promocionais.

As tarxetas serán expostas no Auditorio Municipal Xosé Casal.

7ª.- Os premios serán decididos por un xurado formado por:

Presidente: Julio López Carballal, concelleiro de Cultura

Secretaria: Mónica Rodríguez Casal, traballadora municipal

Vogais:

Mireya Otero Martínez

Sergio Mella Iglesias

Carmen Lareo Morao

---

**Concello de Vila de Cruces**

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492



Cod. Validación: 6AL2KKRJJFWWKM5JQTO6JARLG | Corrección: <http://viladecruces.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



**8ª.-** A decisión do xurado será inapelable, e os concursantes polo feito de concursar aceptan as presentes bases.

O xurado poderá declarar deserto un ou máis premios no caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúnan os méritos suficientes para ser premiados.

A decisión do xurado será pública no taboleiro de edictos do concello sen perxucio da notificación aos gañadores do concurso.

O xurado elevará ao órgano municipal competente a proposta de premios que corresponda otorgar.

**9ª.-** Os premios entregaranse o día 5 de xaneiro de 2020, durante a Cabalgata de Reis en Vila de Cruces.

**10ª.-** A convocatoria publicarase no taboleiro de edictos do Concello, sen perxucio da publicidade que se realice nos centros educativos. Publicarase extracto da convocatoria do BOP da provincia de Pontevedra a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE.*



Cod. Validación: 6AL2KKRJFWWKM5JQT06JARLG | Corrección: <http://viladecruces.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

---

**Concello de Vila de Cruces**

Praza D. Juan Carlos I, Vila de Cruces. 36590 (Pontevedra). Tfno. 986582017. Fax: 986582492